



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 2 DE XULLO DE 2019.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as dez horas e tres minutos do día dous de xullo de dous mil dezanove, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Político PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup>. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL  
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS  
D<sup>a</sup>. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES  
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE  
D<sup>a</sup>. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA  
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA (que se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta)  
D<sup>a</sup>. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ  
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ  
D<sup>a</sup>. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ  
D. CARLOS LIÑARES GESTAL  
D<sup>a</sup>. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ

C.I.F. P-1503100-H

Polo Grupo Político Popular:

D<sup>a</sup>. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU  
D. ALFONSO RICO VEREA  
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO  
D<sup>a</sup>. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA  
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D<sup>a</sup>. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA  
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA  
D<sup>a</sup>. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Asiste á sesión a Interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e dá fe do acto a Secretaria xeral da Corporación, dona Pilar María Pastor Novo

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

## **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN, DE DATA 15 DE XUÑO DE 2019.**

De conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP Nª 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión constitutiva celebrada en data 15 de xuño de 2019, da que se remitiu copia coa convocatoria desta sesión.

Ao non producirse intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta, sendo aprobada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión constitutiva celebrada en data 15 de xuño de 2019.

## **2.- DACIÓN DE CONTA DE CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.**

O sr. alcalde dá conta dos escritos presentados no rexistro xeral do Concello de constitución dos grupos políticos municipais e designación de voceiros, que son os seguintes:

### **GRUPO POLÍTICO PSdG-PSOE**

- Voceiro: Don Diego Antonio Taibo Monelos
- Suplente: Dona María Guadalupe Pombo Carril

### **GRUPO POLÍTICO POPULAR**

- Voceira: Dona Izaskun García Gorostizu
- Suplente: Don Alfonso Rico Vereá

### **GRUPO POLÍTICO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

- Voceiro: Don Enrique Antón Chouciño Garrido
- Suplente 1: Dona Beatriz Pérez Mosquera
- Suplente 2: Don Gonzalo Méndez Mosquera

### **GRUPO POLÍTICO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS**

- Voceira: Dona María Alicia Ferreiro Varela
- Suplente: Don Eduardo José Mourelle Botana

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

### 3.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DO SR. ALCALDE EN MATERIA DE CREACIÓN DAS ÁREAS DE GOBERNO, NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO, NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, E DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS.

Seguidamente dase conta ao Pleno das resolucións da Alcaldía que de seguido se transcriben:

Resolución nº 945/2019, do 18 de xuño de 2019, que transcrita literalmente di:

#### “RESOLUCIÓN

1.- Dispón o artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) que as delegacións xenéricas que pode realizar o alcalde se referirán a unha ou varias áreas ou materias determinadas, que constitúen, deste xeito, os eixos básicos nos que se estrutura o goberno local.

2.- Cada área de goberno representa un sector de actividade da Corporación asignada a unha dirección política en virtude das resolucións que adopte a Alcaldía de acordo coa normativa de réxime local.

3.- O artigo 45 do ROF dispón que as delegacións que poida outorgar o alcalde se axusten na medida do posible ás grandes áreas nas que o Regulamento orgánico municipal (ROM) estructure os servizos do Concello.

4.- No caso deste Concello de Culleredo, o vixente ROM non establece unha distribución das áreas de goberno local, polo que, en uso da facultade de dirección do goberno e a Administración municipais atribuída ó alcalde polos artigos 21.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril e 41.2 do ROF, corresponde á Alcaldía, a falta de previsión no ROM, crear as áreas nas que se estruturará o goberno local.

Por todo isto, en uso das facultades conferidas polo artigo 21.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

**Primeiro.-** Crear as seguintes áreas de goberno local, que poderán ser obxecto dunha delegación xenérica nos termos do artigo 43.3 do ROF, e que comprenden os correspondentes sectores de actividade:

#### **1. Área de Presidencia**

Á Área de Presidencia correspóndelle a coordinación das diferentes áreas municipais, as relacións institucionais, protocolo, planificación estratéxica, comunicación social (web municipal, redes sociais, radio e periódico municipais). Ocúpase esta área da planificación estratéxica, mobilidade e transporte.

Correspóndenlle tamén a esta área todas aquelas materias non asignadas expresamente a outra área de goberno.

#### **2. Área de política social, mocidade e promoción do deporte.**

Esta área xestiona as competencias municipais en materia de prestación de servizos asistenciais aos cidadáns, de atención ás situacións de marxinación e exclusión social, medidas de integración social, programas de inserción laboral, políticas de muller e atención aos maiores. Correspóndelle a esta área tamén as políticas municipais de igualdade entre homes e mulleres e e contra a violencia de xénero.

Nos campos de sanidade intégranse nesta área as políticas municipais de protección da salubridade pública, cemiterios e actividades funerarias.

Ocúpase esta área do voluntariado.

Tamén xestiona as políticas municipais en materia de promoción do deporte, instalacións deportivas, as relacións con clubs, entidades e asociacións deportivas, así como a relación coas federacións deportivas.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

Xestiona tamén as políticas municipais de ocupación do tempo libre dirixidas á mocidade, a programación de actividades e das infraestruturas e as relacións con entidades xuvenís .

### 3. Área de urbanismo.

Esta área comprende a xestión das competencias municipais sobre a ordenación do territorio e o urbanismo, cuestións relativas a plans e instrumentos de ordenación urbanística, xestión urbanística, concesión de licenzas urbanísticas e de actividades, comunicacións previas e declaracións responsables de obras e actividades, disciplina urbanística, expropiacións por razóns de urbanismo, redacción de instrumentos de ordenación urbanística.

### 4. Área de seguridade cidadá e persoal

A esta Área correspóndelle a xestión da seguridade cidadá, control e ordenación do tráfico en vías urbanas, emerxencias , protección civil, policía local .

No eido de persoal correspóndelle a xestión de persoal, os aspectos relativos á organización do Concello e ós métodos de traballo.

### 5. Área de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo.

Esta área xestiona as políticas municipais tendentes á dinamización e potenciación da vida económica local , a fixación de obxectivos para a promoción das actividades económicas do Concello, as relacións cos axentes sociais e o fomento de actividades económicas, todo isto a través da cooperación en plans daquelas políticas públicas que incentiven ou propugnen o desenvolvemento de sectores produtivos e de actividades económicas para un desenvolvemento axeitado da vida económica do municipio.

Esta área xestiona os plans de formación con organismos públicos,e os programas de cooperación así como a xestión das escolas obradoiros.

Correspóndelle tamén a esta área a xestión de políticas municipais en materia de comercio, e as relacións coas asociacións de empresarios e comerciantes.

No eido da dinamización local, correspóndelle a esta área a xestión de políticas municipais en materia de promoción dos valores turísticos do Concello, mercados, feiras, eventos e festas.

No eido da cultura, esta área xestiona as políticas municipais de promoción da cultura e equipamentos culturais , museos e exposicións de acordo coas competencias que teña atribuídas o Concello.

### 6. Área de facenda, patrimonio e administración electrónica

A esta área correspóndelle a preparación dos orzamentos, o seguimento e control dos orzamentos, política fiscal, preparación de ordenanzas fiscais e prezos públicos, seguimento e control de investimentos, autorización, disposición de gastos, recoñecemento de obrigas e ordenación de pagamentos, así como da aprobación das liquidacións de ingresos.

Correspóndelle tamén o impulso e difusión do uso das tecnoloxías da información e a Administración electrónica, a promoción e implementación das TIC de xeito transversal, o control de ferramentas tecnolóxicas hardware e software a coordinación do funcionamento da Administración municipal, a axilización da tramitación de procedementos .

Correspóndelle tamén a xestión patrimonial do Concello, inventario de bens, dereitos e obrigas, administración e defensa do patrimonio municipal.

No eido da contratación esta área asume a xestión dos procedementos de contratación do Concello

### 7.- Área de medio ambiente, obras e servizos



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

No eido dos servizos xestiona os servizos básicos municipais, ciclo da auga, recollida de residuos, limpeza de vías públicas, alumeadado público. Inclúese o mantemento de vías públicas e infraestruturas urbanas (mobiliario urbano, redes de servizos...), a inspección e control de servizos públicos que se prestan a través de terceiros, o mantemento e conservación de parques, xardíns e zonas verdes, así como o mantemento de edificios e instalacións municipais, a xestión da utilización da vía pública, as autorizacións relativas á posesión de animais potencialmente perigosos.

No eido do medio ambiente correspóndelle a xestión das políticas municipais de medio ambiente.

Asemade correspóndelle a planificación das obras municipais, a preparación dos plans de obras e a aprobación de proxectos de obras de nova planta.

### **8.- Área de participación cidadá, educación e medio rural**

A esta área correspóndelle a xestión das políticas municipais de participación cidadá, o impulso e coordinación do asociacionismo municipal, rexistro de asociacións, coordinación dos consellos sectoriais, coordinación da atención ao cidadá, persoal e telefónica, seguimento das queixas e suxestións dos cidadás tanto as presentadas no Concello como as formuladas ante/polo Vaedor do Pobo e a participación dos cidadás no uso das tecnoloxías da información e das comunicacións, e a análise do estado das parroquias a través do cidadá, así como a posta en valor do medio rural.

No ámbito da educación esta área se ocupa da vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e da cooperación coas Administracións educativas na obtención dos terreos necesarios para a construción de novos centros docentes, a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade municipal destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, e a utilización dos equipamentos educativos de competencia municipal e a programación.

**Segundo.-** Corresponderá á Alcaldía, a través da Área de Presidencia, a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan en torno á adscrición a unha área determinada dunha concreta materia.”

C.I.F. P-1503100-H

### **Resolución nº 946/2019, do 18 de xuño de 2019, que transcrita literalmente di:**

#### **“RESOLUCIÓN**

O 15 de xuño de 2019 esta Alcaldía tomou posesión do cargo de Alcalde desta Corporación.

Considerando que segundo o disposto nos artigos 20.1 b) e 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 65 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigo 35.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello e se integra polo Alcalde-Presidente e un número de Concelleiros/as non superior ó tercio do número legal de membros da Corporación, sen que para este cómputo se teñan en conta os decimais.

Considerando que corresponde ó Alcalde o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, pola presente

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes señores/as Concelleiros/as:

- María Guadalupe Pombo Carril
- Diego Antonio Taibo Monelos
- Marta María Figueroa Fuentes
- Juan Carlos Iglesias Lovelle



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

- Marta María Iglesias Becerra
- Carlos Liñares Gestal
- Yessica Méndez Sánchez

**Segundo.-** Notificar persoalmente aos designados a presente Resolución e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.”

**Resolución nº 947/2019, do 18 de xuño de 2019, que transcrita literalmente di:**

### **“RESOLUCIÓN**

O 15 de xuño de 2019 esta Alcaldía tomou posesión do cargo de Alcalde desta Corporación.

Considerando que os Tenentes de Alcalde son órganos de carácter necesario no Concello, segundo dispoñen os artigos 20.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 59.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo de administración local de Galicia e 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Considerando que segundo determinan os artigos 23.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, 62.1 da Lei 5/97 do 22 de xullo e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, os tenentes de Alcalde son libremente nomeados polo Alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Considerando que segundo dispón o artigo 46 do Real decreto 2568/1986 citado, os nomeamentos se farán mediante resolución do Alcalde da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais, persoalmente aos designados e se publicarán no “Boletín Oficial” da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura da resolución polo Alcalde se nela non se dispón outra cousa.

Considerando que esta Alcaldía, por Resolución do día da data, en uso das atribucións que legalmente lle están conferidas, procedeu ao nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local.

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Nomear Tenentes de Alcalde e pola orde que de seguido se indica, aos seguintes señores/as Concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

Primeira Tenente de Alcalde: Dona María Guadalupe Pombo Carril

Segundo Tenente de Alcalde: Don Diego Antonio Taibo Monelos

Terceira Tenente de Alcalde: Dona Marta María Figueroa Fuentes

Cuarto Tenente de Alcalde: Don Juan Carlos Iglesias Lovelle

Quinta Tenente de Alcalde: Dona Marta María Iglesias Becerra

Sexto Tenente de Alcalde: Don Carlos Liñares Gestal

Sétima Tenente de Alcalde: Dona Yessica Méndez Sánchez





Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

**Segundo.-** Corresponde aos nomeados/as substituírme, pola orde sinalada, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas funcións, así como desempeñar as funcións de Alcalde nos supostos de vacante da Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

**Terceiro.-** Da presente resolución darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados/as e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da data, conforme establece o artigo 46.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.”

**Resolución nº 948/2019, do 18 de xuño de 2019, que transcrita literalmente di:**

### **RESOLUCIÓN**

Por Resolución desta Alcaldía do día da data creáronse as áreas de goberno local, en uso das competencias de dirección do goberno e a administración municipais que o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, concede ó Alcalde.

De conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 23.4 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e os artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais, e co fin de conquistar unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal, pola presente

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Efectuar a favor dos Sres/as Concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local e Tenentes de Alcalde as seguintes delegacións xenéricas correspondentes ás áreas que se relacionan:

**I.- Dona María Guadalupe Pombo Carril, primeira Tenente de Alcalde** Delégase nesta Concelleira a dirección política da *área de política social, mocidade e promoción do deporte*, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de dictar actos administrativos que afecten a terceiros:

#### **A) De xeito xenérico:**

- Tódalas competencias atribuídas á alcaldía e comprendidas dentro da área de goberno citada que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.
- A resolución das peticións de acceso á información en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas .
- A sinatura de propostas dirixidas á alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.
- O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.

#### **B) En materia de política social:**

- A resolución dos procedementos de solicitudes de prestacións sociais.
- A resolución das solicitudes de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida.

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

c) A resolución das solicitudes de subvencións e axudas a particulares en materias incluídas dentro do ámbito da delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento. Neste caso, a facultade de concesión de subvencións e axudas leva engadida a de aprobar o gasto correspondente.

**II.- Don Diego Antonio Taibo Monelos, segundo Tenente de Alcalde.** Delégase neste Concelleiro a dirección política da *área de Urbanismo*, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

a) De xeito xenérico tódalas competencias atribuídas ao alcalde e comprendidas dentro da área de goberno que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que estean expresamente atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.

b) A resolución das peticións de información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten interesados no procedemento ou terceiras persoas.

c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.

d) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, Pleno ou Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.

e) Outorgamento e denegación de licenzas urbanísticas en uso das competencias municipais de intervención no uso e edificación do solo, comunicacións previas, declaracións responsables de obras e actividades, de acordo coa normativa vixente, prórrogas de licenzas, cambios de titularidade, declaracións de caducidade e resolución de cantos incidentes se produzan nos expedientes de obras maiores, menores, usos, parcelacións, de primeira ocupación ou calquera outra actuación relacionada.

f) A concesión de licenzas para o exercicio de actividades.

g) Ditar ordes de execución en relación ao deber de conservación, uso e rehabilitación, agás as relativas ao deber de conservación, uso e rehabilitación de fincas e cunetas.

h) Ditar actos de trámite e resolución de expedientes de declaración de ruína.

i) Ditar actos de trámite e actos definitivos en materia de protección e reposición da legalidade urbanística, incluída a adopción de medidas cautelares, a imposición de multas coercitivas ou outros medios de execución subsidiaria.

j) Autorizar a devolución de garantías prestadas para garantir as obrigas de urbanizar.

k) As atribucións conferidas ao Alcalde nos procedementos de expropiación por razóns urbanísticas.

l) A concesión de subvencións a particulares en materias incluídas dentro do seu ámbito de delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento. Neste caso, a facultade de concesión de subvencións leva engadida a de aprobar o gasto correspondente.

m) O exercicio da potestade sancionadora en materia urbanística, de acordo coa súa normativa específica.

**III.- Dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira Tenente de Alcalde.** Delégase nesta Concelleira a dirección política da *área de Seguridade cidadá,e persoal* así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

**A) De xeito xenérico:**





Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

- a) Tódalas competencias atribuídas á alcaldía e comprendidas dentro da área de goberno citada que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.
- b) A resolución das peticións de acceso á información en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas .
- c) A sinatura de propostas dirixidas á alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.
- d) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área da delegación.

**B) En materia de seguridade cidadá :**

- a) Exercer a xefatura da Policía Local, sen prexuízo da Xefatura Superior de todo o persoal que corresponde ao Alcalde.
- b) Aprobar as xendas de traballo da Policía Local.

**C) En materia de persoal:**

- a) O exercicio das atribucións que correspondan nos procedementos de selección de personal funcionario, de carreira ou interino, e laboral, permanente ou temporal non delegadas por esta Alcaldía noutros órganos de goberno.
- b) O exercicio das atribucións que correspondan nos concursos de provisión de postos de traballo do Concello (temporais ou definitivos) non delegados noutros órganos de goberno, agás os relativos a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional , así como dos procedementos de provisión de postos de traballo do Concello mediante libre designación.
- c) A distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas nin periódicas, referidas a complemento de produtividade, gratificacións individuais, horas extraordinarias , quilometraxe do persoal, indemnizacións , dietas por asistencias a tribunais ou comisións de selección, asistencias a sesións de órganos colexiados de goberno, comisións informativas, comisión especial de contas, mesa de contratación, xunta de voceiros polos membros da Corporación.
- d) A resolución das solicitudes de permisos, vacacións e licenzas do persoal, agás as relativas aos funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional, que corresponderán á Alcaldía.
- e) As resolucións relativas ás situacións administrativas do persoal, así como as referentes a recoñecemento de servizos previos, de consolidación de grao persoal, e trienios, agás nos casos de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, que corresponderá á Alcaldía.
- f) A concesión de anticipos ao persoal.
- g) O nomeamento de persoal funcionario, de carreira e interino.
- h) A formalización dos contratos do persoal laboral, así como as súas prórrogas.
- i) Instruír e resolver os procedementos sancionadores en materia disciplinaria do persoal funcionario ou laboral do Concello.
- j) As resolucións sobre materias de acción social.
- k) A sinatura dos certificados de servizos previos do persoal ao servizo do Concello.

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

C.I.F. P-1503100-H

IV.- Don **Juan Carlos Iglesias Lobelle, cuarto Tenente de Alcalde**. Delégase neste Concelleiro a dirección política da *área de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo*, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

- De xeito xenérico, tódalas competencias atribuídas ao alcalde e comprendidas dentro da área de goberno que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que estean expresamente atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos dictados en uso da delegación conferida.
  - A resolución das peticións de información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas .
  - O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.
  - A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, Pleno ou Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.
- B) De xeito específico:
- As autorizacións para a celebración de espectáculos públicos na vía pública, incluída a ocupación desta.
  - A autorización da celebración de festas locais, incluída a autorización para a ocupación da vía pública con casetas, palcos e atraccións de feiras.
  - As autorizacións para o exercicio da venda ambulante.

V.- Dona **Marta María Iglesias Becerra, quinta Tenente de Alcalde**.- Delégase nesta Concelleira a dirección política da *área de facenda, patrimonio e administración electrónica*, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

**A) De xeito xenérico:**

- Tódalas competencias atribuídas á alcaldía e comprendidas dentro da área de goberno citada que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.
- A resolución das peticións de acceso á información en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas .
- A sinatura de propostas dirixidas á alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.
- O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área da delegación.

**B.- En materia de facenda:**

- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado polo Pleno, disposición de gastos, dentro dos límites sinalados á competencia da Alcaldía no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 177.5 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sempre que estean previstas no orzamento e o seu importe non supere o establecido na normativa aplicable, así como as operacións de tesourería dentro dos límites que as normas en vigor atribúan ó Alcalde



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

- b) A autorización, disposición de gastos, recoñecemento de obrigas e ordenación de pagamentos e a rendición de contas, de acordo co disposto pola Lei reguladora das facendas locais
- c) A aprobación de liquidacións tributarias
- d) A concesión de pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa, de acordo co estipulado na normativa reguladora das facendas locais e nas bases de execución do orzamento
- e) O exercicio das facultades que corresponden á Alcaldía en materia de xestión tributaria

#### C.- Na materia de contratación

- a) A aprobación de expedientes, adxudicación e formalización de contratos e concesións de toda clase dentro dos límites cuantitativos e temporais que para o alcalde establece a normativa vixente.
- b) Exercer as facultades e prerrogativas que lle corresponden ó órgano de contratación nos contratos ós que se refire o apartado anterior
- c) A aprobación das certificacións de obra e das facturas.

#### D.- Na materia de patrimonio

- a) A adquisición de bens e dereitos dentro dos límites que para a competencia do Alcalde sinala a normativa vixente.
- b) O exercicio das potestades de defensa dos bens públicos que atribúe ó Concello a normativa aplicable, dentro dos límites de competencia da Alcaldía
- c) O exercicio das facultades atribuídas ó alcalde para a administración dos bens municipais
- d) A reclamacións por danos causados a bens integrantes do patrimonio municipal.
- e) A xestión do inventario municipal de bens, dereitos e obrigas, de acordo co disposto na normativa específica aplicable.
- f) O exercicio das facultades atribuídas ó alcalde nos procedementos de expropiación forzosa, agás nos casos de expropiacións urbanísticas.
- d) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área da delegación, agás en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial que se reserva á Alcaldía.

**VI.- Don Carlos Liñares Gestal, sexto tenente de Alcalde-** Delégase neste Concelleiro a dirección política da *área de medio ambiente, obras e servizos*, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

#### A) De xeito xenérico:

- a) Tódalas competencias atribuídas á alcaldía e comprendidas dentro da área de goberno citada que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.
- b) A resolución das peticións de acceso á información en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas.
- c) A sinatura de propostas dirixidas á alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.
- d) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área da delegación.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

**B) En materia de medio ambiente, obras e servizos:**

- A) A aprobación dos proxectos de obras municipais e dos plans de seguridade e saúde destas.
- b) A concesión de licenzas para posesión de animais potencialmente perigosos.
- c) Transporte público de persoas en vehículos de turismo.
- d) Ditar órdenes de execución en relación ao deber de conservación, uso e rehabilitación de fincas e cunetas.
- e) Autorizacións de vados.

**VII.- Dona Yessica Méndez Sánchez, sétima Tenente de Alcalde-** Delégase nesta Concelleira a dirección política da *área de participación cidadá, educación e medio rural*, así como o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía, delegación que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

- a) Tódalas competencias atribuídas á alcaldía e comprendidas dentro da área de goberno citada que non estean declaradas indelegables polas normas ou ben que queden expresamente reservadas á alcaldía ou atribuídas a outros órganos de goberno do Concello. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.
- b) A resolución das peticións de acceso á información en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, que presenten os interesados no procedemento ou terceiras persoas.
- c) A sinatura de propostas dirixidas á alcaldía, ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local en materias incluídas dentro do ámbito da delegación.
- d) O exercicio da potestade sancionadora nas materias incluídas na área da delegación.
- e) A resolución das solicitudes de subvencións e axudas a asociacións de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento. Neste caso, a facultade de concesión de subvencións e axudas leva engadida a de aprobar o gasto correspondente.

**Segundo.-** A Alcaldía asumirá directamente a dirección da área de Presidencia e o exercicio das competencias relacionadas coas materias atribuídas á devandita área, así como a aprobación e formalización dos convenios de todo tipo que o Concello asine con particulares ou con outras administracións públicas, e que polo seu obxecto sexan competencia do alcalde, a resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial dirixidas ao Concello, a resolución das peticións de acceso á información presentadas polos membros da Corporación, as resolucións de creación, modificación e supresión de ficheiros de carácter persoal, consonte o disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, os procedementos de exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión oposición, á limitación do tratamento e á portabilidade recoñecidos pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, os procedementos de alta, baixa e variación no padrón municipal de habitantes, a sinatura do visto e prace dos certificados, servizos de asesoría xurídica, e en xeral, e de xeito residual, aquelas funcións atribuídas á Alcaldía pola normativa vixente que non estean asignadas a unha concreta área de goberno..

**Terceiro.-** As delegacións xenéricas acordadas no apartado primeiro da presente resolución suxeitaranse ó seguinte réxime xurídico:

- a) Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo a este, en consecuencia a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.
- b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se diten, en conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

- c) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de trascendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do ROF.
- d) A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.
- e) A Alcaldía poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.
- f) Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución, así como os conflitos positivos ou negativos de competencias que poidan xurdir entre os órganos delegados en relación co exercicio dunha concreta función.

**Cuarto.-** Esta resolución será efectiva desde o día seguinte ao da súa sinatura, e será publicada no Boletín oficial da provincia da Coruña en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Asemade, esta resolución será notificada aos interesados/as para a súa aceptación, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, a delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.”

**Resolución nº 949/2019, do 18 de xuño de 2019, que transcrita literalmente di:**

**“RESOLUCIÓN**

**Antecedentes**

O pasado día 15 de xuño de 2019 constituíuse a nova corporación municipal que saíu das eleccións que se celebraron o día 26 de maio.

**Consideracións legais**

De acordo co artigo 43.4 do ROF o alcalde poderá efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro ou concelleira para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas citadas áreas. Neste caso, o/a concelleiro/a que exerza unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos/as concelleiros/as con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área.

Estas delegacións especiais poderán ser relativas a un determinado servizo. Neste caso a delegación comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Por todo o exposto, e en uso das facultades que me confiren as normas en vigor, resolvo:

**Primeiro.-** Conferir a favor dos/as concelleiros/as que se citan as seguintes delegacións especiais, ao abeiro do que dispón o artigo 43.4 e 43.5 do ROF:

A.- Conferir a delegación especial dos servizos de deportes e xuventude( integrados dentro da área de política social, mocidade e promoción do deporte): favor do Concelleiro Don Miguel Suárez García.

B.- Conferir a delegación especial do servizo de maiores ( integrado na área de política social, mocidade e promoción do deporte) a favor da Concelleira Dona Susana Amor Fernández.

C.- Conferir a delegación especial do servizo de cultura( integrado na área de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo ) a favor da concelleira Dona María Penélope López Díaz.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

D.- Conferir a delegación especial dos servizos de comercio local ( integrados dentro da área de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo) a favor do Concelleiro Don Mario Alfonso Iglesias Gómez.

**Segundo.-** As delegacións especiais efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección interna dos servizos , pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O/A Concelleiro/a que ostente a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, terá a facultade de supervisar a actuación dos/as Concelleiros/as con delegacións especiais.

**Terceiro.-** A presente resolución será efectiva dende o día seguinte ao da súa sinatura e será publicada no Boletín oficial da provincia de A Coruña, en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro. Asi mesmo, esta resolución será notificada aos/ás interesados/as, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.”

**Resolución nº 950/2019, do 18 de xuño de 2019, que transcrita literalmente di:**

**“RESOLUCIÓN**

Constituída a nova Corporación na sesión celebrada o pasado 15 de xuño de 2019, e co obxecto de dotar dunha maior celeridade e eficacia á actuación municipal, esta Alcaldía en uso das facultades que lle confiren os arts. 21.3 e 23.4 da vixente Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, considera necesario proceder ó establecemento dun réxime de delegacións de competencias a favor da Xunta de Goberno Local.

De conformidade coa lexislación citada, a Alcaldía pode delegar o exercicio das súas atribucións cando non se encontren comprendidas nos supostos previstos no art. 21.3 da Lei reguladora das bases do réxime local e no art. 9.2 da vixente Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público na que se regulan as competencias que non poden ser obxecto de delegación.

Polo anterior, esta Alcaldía en uso das atribucións legalmente conferidas

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1.- As aprobacións dos instrumentos de desenvolvemento do planeamento xeral que non estean expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística.

2.- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

**Segundo.-** As atribucións delegadas exerceranse pola Xunta de Goberno Local nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de seren delegadas en ningún outro órgano.

**Terceiro.-** Comunicar esta resolución a tódolos/as concelleiros/as afectados e aos xefes dos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e efecto.





Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

**Cuarto.**- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no art. 44.2 do RD 2568/86, do 28 de novembro.”

#### **4.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN.**

O Sr. Alcalde-Presidente somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 que transcrita literalmente di:

##### **“PROPOSTA**

##### **PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN**

Visto o disposto no artigo 46.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 210.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia

PROPÓNSE AO PLENO DA COPORACIÓN AADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación con carácter mensual, o derradeiro xoves de cada mes ás trece horas e trinta minutos (13:30 h). No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o día hábil inmediatamente posterior á mesma hora.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o Sr. Alcalde, cando chegou á Alcaldía na anterior lexislatura, en novembro de 2017, reservou algunhas das súas primeiras palabras tanto no Pleno como na prensa para declarar que abriría un período de transparencia,

*(neste intre incorpórase á sesión o concelleiro don Miguel Suárez García)*

deixando ás claras que se viña dun período anterior no que non se cumpría con ese mínimo democrático; máis unha cousa é a palabra e outra son os feitos, “fume de palla” ao que acostuma o goberno municipal e por se algún dos membros da Corporación o descoñece recorda que no mandato anterior os plenos ordinarios eran o último xoves de mes, ás oito e media da tarde, con excepción dos meses do verán nos que se celebraban á unha e media, horario que propón agora o goberno municipal; que no mandato anterior, este horario permitía que acudiran aos plenos, que son públicos, colectivos e persoas a título individual para utilizar as posibilidades de participación nese organismo que se recollen nos regulamentos, invitando a consultar o ROM ou o Regulamento de Participación Cidadá nos que se fala desas posibilidades coas que Culleredo xa contaba cando outros reclamaban novas prácticas de participación cidadá na vida política municipal; que o BNG fixo o propósito de dalas a coñecer e viñeron a este Pleno asociacións para participar nos temas da orde do día nos que tiñan algo que dicir; que así foi e que se debería celebrar como un éxito colectivo pero os impedimentos para cumprir cun mínimo de transparencia e participación neste Concello son continuados, lembrando que hai catro anos, no Pleno da anterior Corporación, aprobouse por maioría absoluta, incluíndo os votos do PSOE, a posta en marcha da retransmisión en directo dos Plenos, a iniciativa das anteriores representantes do PP na anterior Corporación, sen que o goberno municipal fixera nada para cumprir con ese mandato do pobo de Culleredo ao que os concelleiros e concelleiras representan, nin respondera nada cando a oposición lle preguntou polos avances nese sentido; que foi o BNG o que conseguiu que un debate sobre o estado do municipio se retransmitise a través de Radio Culleredo, demostrando que se hai vontade é moi sinxelo cumprir con ese encomendado pero chega agora o Sr. Alcalde coa vontade de dificultar a participación da veciñanza e os seus colectivos asociativos coa proposta de cambiar os plenos para o horario de mañá á unha e media, pretendendo rematar coa vía aberta explicada anteriormente de participación efectiva da veciñanza na vida política municipal naqueles asuntos do seu interese ou mesmo simplemente de asistir aqueles que prefiren informarse de primeira man e non polo que lles retransmite a prensa.

15 de 52



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

Continúa a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e lle pide ao Sr. Alcalde e aos sres/as concelleiros/as do goberno municipal, na medida das súas posibilidades, que recapaciten e que modifiquen a súa proposta sexa agora ou no futuro próximo para devolver o horario dos plenos ordinarios ás oito e media ou calquera outro que permita facilitar a asistencia da veciñanza e o emprego das súas canles de participación neste órgano.

Intervén a continuación o Alcalde-Presidente e di que terán en conta de cara ao futuro a súa proposta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: nove (9), dos sres/as García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

C.I.F. P-1503100-H

## **5.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

O Sr. Alcalde-Presidente somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 que transcrita literalmente di:

### **“PROPOSTA**

#### **PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o disposto no artigo 211 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, segundo o cal a Xunta de Goberno Local, para exercer as súas competencias resolutorias, terá sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación e sesións extraordinarias cando o Presidente o decida

#### **PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

Celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno local con carácter semanal, os luns ás trece horas e trinta minutos (13:30h). No suposto de que o día prefixado coincida con festivo celebrárase sesión, co mesmo carácter de ordinaria o día hábil inmediatamente anterior á mesma hora.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que sobre este asunto, sobre a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, entenden que este órgano vai seguir sen unhas atribucións que teñan un carácter periódico e reiterado e que vaia máis alá do que foi xa no mandato anterior, xa que quen queira pode comprobar na páxina web, onde aparecen practicamente todas as actas colgadas, que estas sesións limitáronse a dacións de conta que duran entre cinco e dez minutos, polo que considera que a periodicidade é excesiva e serve só para cargar de traballo aos funcionarios que o teñen que preparar; que a maiores, a proposta é de levar as retribucións e os seus incrementos polo que se incrementaría o seu custo respecto do mandato anterior; que o BNG, xa durante o anterior mandato, puxo isto de manifesto e mesmo fixo unha proposta ao Pleno para modificalo, proposta que non prosperou pero a evolución posterior seguiu dándolle a razón xa que se se reducira a periodicidade, de semanal a quincenal, como pasa noutros

16 de 52



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

concellos do mesmo tamaño, se estarían aforrando 18.200 euros ao ano, 700 euros á semana, polo que propoñen ao goberno que reconsidere a súa proposta e pase a establecer unha periodicidade das Xuntas de Goberno quincenal e non semanal como propoñen nesta proposta.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e di que as competencias da Xunta de Goberno do actual mandato son distintas e son máis amplias que as do anterior polo que deciden manter a proposta de periodicidade que se recolle.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: tres (3), dos sres/as Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera,

Abstencións seis (6), dos sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

C.I.F. P-1503100-H

## **6.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E ESPECIAIS.**

O Sr. Alcalde-Presidente somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 que transcrita literalmente di:

### **“PROPOSTA**

Visto o disposto no artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local., artigos 66, 67 e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e artigos 123 a 127 e 134 a 138 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**Primeiro.-** Crear tres (3) Comisións Informativas Permanentes coa seguinte denominación:

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MEDIOAMBIENTE, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ E PERSOAL.

COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICA SOCIAL, MOCIDADE, PROMOCIÓN DO DEPORTE, DESENVOLVEMENTO LOCAL, CULTURA, FESTAS E TURISMO.

COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO, ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, PARTICIPACIÓN CIDADÁ , EDUCACIÓN E MEDIO RURAL.

**Segundo.-** De conformidade co disposto no artigo 59.2 c) da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, crear a COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS que terá as competencias previstas nos artigos 116 da Lei



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 127 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**Terceiro.-** As Comisións Informativas ditaminarán sobre as materias e asuntos relacionados coas seguintes áreas:

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MEDIOAMBIENTE, OBRAS, SERVICIOS, SEGURIDADE CIDADÁ E PERSOAL sobre as materias e asuntos das áreas de Presidencia, da área de urbanismo, da área de medioambiente, obras e servizos, e da área de seguridade cidadá e persoal.

COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICA SOCIAL, MOCIDADE, PROMOCIÓN DO DEPORTE, DESENVOLVEMENTO LOCAL, CULTURA, FESTAS E TURISMO, sobre as materias e asuntos das áreas de política social, mocidade e promoción do deporte e da área de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo.

COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, PATRIMONIO, ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, EDUCACIÓN E MEDIO RURAL, sobre as materias das áreas de facenda, patrimonio e administración electrónica, e da área de participación cidadá, educación e medio rural.

A COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS terá as competencias previstas no artigo 116 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e no artigo 127 do R.O.F.

**Cuarto.-** Atribuir a cada unha das Comisións Informativas as funcións de estudo, informe ou consulta dos asuntos que, relacionados co seu ámbito de actuación, teñan que ser sometidos á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local cando ésta actúe con competencias delegadas do Pleno, agás cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes, e igualmente informarán aqueles asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local e do Alcalde que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión de aqueles. Tal e como se indicou no apartado anterior, a Comisión Especial de Contas terá as competencias previstas nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril e no artigo 127 do R.O.F.

**Quinto .-** As Comisións Informativas e a Comisión especial de Contas estarán compostas por

- Catro (4) representantes do grupo político municipal do PSdG-PSOE, incluído o Sr. Alcalde-Presidente, Presidente nato de tódalas Comisións.
- Un (1) representante do Grupo político municipal do PP
- Un (1) representante do Grupo político municipal do BNG
- Un (1) representante do Grupo político municipal Alternativa dos Veciños

**Sexto.-** As Comisións informativas permanentes celebrarán sesión ordinaria con periodicidade mensual nas datas e horas que estableza o Alcalde-Presidente ou o seu respectivo Presidente.

A Comisión Especial de Contas reuniráse cando sexa convocada pola Presidencia para dictamina-la conta xeral de cada exercicio.

**Sétimo.-** A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ao Pleno, podendo desinarse un suplente.

**Oitavo.-** As Comisións Informativas permanentes axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.”



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que as comisións informativas redúcense de seis a tres e que a súa efectividade vai depender do tempo que se lles dedique; que no anterior mandato había seis sesións que tiñan unha duración aproximada de vinte minutos cada unha, esperando que esta redución a tres non implique tamén unha redución da comunicación e da dación de conta do traballo municipal e da participación dos grupos da oposición, esperando que a duración sexa proporcionada ás atribucións que vaian ter cada unha desas tres que serán case o dobre das que tiña cada unha das de antes polo que solicitan información sobre este tema pois non saben tampouco cando se van celebrar nin a duración aproximada que terán para poder organizarse xa que o pleno de hoxe trata da organización e estaría ben que toda a corporación soubese como se vai organizar.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde-Presidente e di que o equipo de goberno limitase a traer as cuestións tal cual llas expresan e que o horario e membros das ditas comisións haberá que determinalos, tendo o goberno municipal a vontade lóxica de ampliar os tempos de cada comisión.

Solicita novamente o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que se se lle permite unha puntualización quere dicir que lle parece moi curioso que desapareza a Comisión extraordinaria do PXOM e que non o entenden porque existía no mandato anterior e agora hai un PXOM nun estado supostamente moi avanzado despois de pasar a tramitación da exposición pública, e de atender as alegacións, de elevalo a informe da Xunta, a Medio Ambiente, e de obter ese resultado, preguntando por que desaparece e se non hai propósito de que o PXOM se finalice.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que tanto a Comisión extraordinaria do PXOM como a do Aeroporto de Alvedro traeranse a outro pleno para tratar de conformalas e que nesta sesión só trouxeron as permanentes.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: ningún

Abstencións: nove (9) dos sres/as García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **7.- DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

O Sr. Alcalde-Presidente somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 que transcrita literalmente di:

### **“PROPOSTA**

#### **Antecedentes**



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

O pasado día 15 de xuño de 2019 constituíuse a nova corporación municipal saída das eleccións que se celebraron o pasado día 26 de maio.

### Consideracións legais

1.- De acordo co disposto polo artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e o artigo 51 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), o Pleno da Corporación pode delegar o exercicio das súas atribucións na Xunta de Goberno Local, coas excepcións que se establecen no mencionado precepto.

2.- Segundo o artigo 52 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o acordo plenario de delegación adoptárase por maioría simple, e terá efectos desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da publicación no Boletín Oficial da provincia.

Propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- A concertación de operacións de crédito, cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, agás as de tesourería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.
- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións, de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, cando o importe acumulado de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada referido aos recursos ordiarios do presuposto do primeiro exercicio ou a contía sinalada.
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
- A celebración de contratos privados así como a adjudicación de concesións sobre bens do Concello e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou o importe de tres millóns de euros

**Segundo.-**As delegacións que se acordaron nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

- Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo a este, en consecuencia, a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.
- O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se diten, en conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de transcendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro .
- O Concello Pleno poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.





Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

e) O Concello Pleno poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

**Terceiro.-** Este acordo adquire efectos desde o día seguinte ao da súa adopción e será publicado no Boletín Oficial da provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que neste punto lles gustaría comprobar unha cuestión pois se lle están cedendo competencias do Pleno á Xunta de Goberno e que é de agardar que o grupo de goberno vote a favor e esta proposta prospere pero evidentemente estase subtraendo o debate público pois cuestións que se deliberaban no pleno e que moitos asistentes acudían no mandato anterior a escoitar como se debatían certas cuestións agora non vai ser así pois se van debatir na Xunta de Goberno e non se vai poder acudir para escoitar ese debate; que algunha destas cuestións refírese a algo moi interesante, como o tema das concesións administrativas e que por exemplo o tema da liquidación da Garrocha, do que moitos escoitarían falar de como foi a traxectoria desa concesión que está pendente de liquidación, é dicir, de saber canto se vai perder de patrimonio municipal, merece que se saiba canto vai perder o goberno municipal coa resolución desa concesión e se mañá se tramitara unha nova tramitación para a concesión desa instalación o tramitaría a Xunta de Goberno Local; que non só se está ocultando o debate deses asuntos importantes aos membros da oposición e ao público asistentes, que podería ser fora a intención do equipo de goberno, senón que se lle oculta o debate aos compañeiros do grupo socialista que non están presentes na Xunta de Goberno.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que hai que ter en conta tamén o que a delegación de competencias implica pois o órgano delegado (a Xunta de Goberno) pasa a ser o órgano delegante (o Pleno) e polo tanto o que aprobe o órgano delegado esta facendo o órgano delegante e o que decida a Xunta de Goberno estarao decidindo tamén o Pleno porque delegou esas funcións e que as responsabilidades nas que puidera incurrir o órgano delegado polas súas decisións van ser de todos os que forman parte do órgano delegante que voten a favor da delegación polo que invita a todos os membros da Corporación a que reconsideren o seu voto.

Intervén de seguido o Sr. Alcalde-Presidente dicindo que o goberno municipal considerou máis axil facelo deste xeito sen que se coarte para nada a participación cidadá pois as Xuntas de Goberno son públicas e calquera cidadán podería acudir a esas Xuntas de Goberno sendo o motivo da delegación a axilidade que supón na xestión do Concello.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: tres (3), dos sres/as Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera.

Abstencións: seis (6), dos sres/as García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **8.- NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN DISTINTOS ÓRGANOS.**

21 de 52



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

O Sr. Alcalde-Presidente somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 19 de xuño de 2019 que transcrita literalmente di:

#### “PROPOSTA

Téndose constituído a nova Corporación municipal o pasado día 15 de xuño de 2019, e sendo necesario proceder ao nomeamento de representantes da Corporación en diversos órganos,

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Designar ós seguintes representantes do Concello nos órganos que de seguido se expresan:

#### XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE:

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente

Dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de Alcalde, concelleira delegada da área de seguridade cidadá e persoal.

#### COMISIÓN PARITARIA DE INTERPRETACIÓN, SEGUIMENTO DO ACORDO REGULADOR DO PERSOAL FUNCIONARIO E DO CONVENIO DO PERSOAL LABORAL.

##### Titulares:

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente

Dona Marta María Figueroa Fuentes, terceira tenente de Alcalde, concelleira delegada da área de seguridade cidadá e persoal.

Un/unha Concelleiro/a do grupo político do PP

Un concelleiro/a do grupo político do BNG

Un/unha concelleiro/a do grupo político de Alternativa dos veciños

##### Suplentes:

Dona María Guadalupe Pombo Carril, primeira Tenente de Alcalde, concelleira delegada da área de política social, mocidade e promoción do deporte.

Don Diego Antonio Taibo Monelos, segundo tenente de Alcalde, concelleiro delegado da área de urbanismo.

#### CONSELLOS ESCOLARES E MESAS DE ESCOLARIZACIÓN

Dona Yessica Méndez Sánchez, sétima tenente de Alcalde, concelleira delegada da área de participación cidadá, educación e medio rural

##### Suplente:

Dona María Guadalupe Pombo Carril, primeira tenente de Alcalde, concelleira delegada da área de política social, mocidade e promoción do deporte.

#### ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS-BETANZOS”

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente

##### Suplente:

Dona Yessica Méndez Sánchez, sétima tenente de Alcalde, concelleira delegada da área de participación cidadá, educación e medio rural



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

### **GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO “ GOLFO ÁRTABRO SUR”**

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente.

Suplente:

Dona Yessica Méndez Sánchez, sétima tenente de Alcalde, concelleira delegada da área de participación cidadá, educación e medio rural.

### **CONSORCIO AS MARIÑAS**

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente (Titular)

Dona María Guadalupe Pombo Carril, primeira tenente de Alcalde, concelleira delegada da área de política social, mocidade e promoción do deporte. (suplente)

### **FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIDADE**

Dona María Guadalupe Pombo Carril, primeira tenente de Alcalde, concelleira delegada da área de política social, mocidade e promoción do deporte.

### **COMISIÓN DE BAREMACIÓN INTERCENTROS DO CONCELLO (GALIÑAS AZUIS)**

Dona Yessica Méndez Sánchez, sétima tenente de Alcalde, concelleira delegada da área de participación cidadá, educación e medio rural

Suplente: Dona María Guadalupe Pombo Carril, primeira tenente de Alcalde, concelleira delegada da área de política social, mocidade e promoción do deporte.

Dona Yessica Méndez Sánchez, sétima tenente de Alcalde, concelleira delegada da área de participación cidadá, educación e medio rural

### **CONSELLO ESCOLAR AS GALIÑAS AZUIS**

Dona Yessica Méndez Sánchez, sétima tenente de Alcalde, concelleira delegada da área de participación cidadá, educación e medio rural

Suplente: Dona María Guadalupe Pombo Carril, primeira tenente de Alcalde, concelleira delegada da área de política social, mocidade e promoción do deporte.

### **CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR**

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que á vista da proposta vese que desaparece o Consello Local de Seguridade e que hai a Xunta Local de Seguridade e hai tamén un Consello Sectorial, sen saber a que obedece este cambio.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que o cambio obedece a unha indicación da Subdelegación do Goberno.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que con respecto a Asociación de Desenvolvemento rural “Mariñas-Betanzos” no 2015 era representante o concelleiro de Promoción Económica e agora vai o Alcalde, ao igual que no Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro “Golfo Ártabro Sur”; que no Fondo Galego de Cooperación e



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
<b>4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS</b>	

Solidaridade a representante é a concelleira delegada de política social, mocidade e promoción do deporte sen que haxa suplente, o que lle estrañou pois no 2015 si que o había; que no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar o representante é o alcalde, non habendo tampouco suplente sen que saiban tampouco por que; que botan de menos que se faga unha mención aquí á fundación Fundescu pois cren que sigue existindo e nas contas remitidas ao Estado, en varias anualidades, cando o comprobaron no portal web dese organismo, non aparecen contas desa Fundación, descoñecendo o por que e as súas posibles consecuencias considerando importante que se solicitara un informe aos servizos municipais sobre a súa supervivencia ou non, sobre as súas contas e das responsabilidades que puidera seguir tendo; que a concelleira de Educación, representante dos Consellos escolares e da Mesa de Escolarización, é tamén a responsable da área de Participación cidadá e de Medio rural; que descoñece a traxectoria da persoa que asume estas responsabilidades e non teñen por que supoñer que non poida facelo ben pero si lle gustaría desexarlle moito éxito pois xa saben que desde o BNG teñen insistido moitísimo na cuestión do mapa educativo e que hai unha iniciativa veciñal para que se implante a ESO no rural e que autobuses diarios se desplacen cara a zona urbana ao instituto Blanco Amor; que se a liña de traballo é esa poden contar co apoio do BNG neste punto.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e agradece as palabras do Sr. Chouciño Garrido e que, con respecto á representación nos órganos a través da figura do Alcalde foi porque así foi solicitado por diversos órganos, sen perxuízo de que se poidan facer delegacións puntuais a efectos de suplencias.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 19 de xuño de 2019 obténdose o seguinte resultado:

C.I.F. P-1503100-H

Votos a favor: doce (12), dos sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: nove (9), dos sres/as García Gorostizu, Rico Verea, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 19 de xuño de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **9.- HABILITACIÓN DE LOCAIS PARA OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.**

O Sr. Alcalde-Presidente somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 que transcrita literalmente di:

### **"PROPOSTA**

#### **HABILITACIÓN DE LOCAIS PARA OS GRUPOS POLÍTICOS**

Visto o disposto no artigo 27 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, no que se establece que nas posibilidades funcionais da organización administrativa da entidade local os diversos grupos políticos disporán na sede da mesma dun despacho ou local para reunirse de xeito independente e recibir visitas dos cidadáns.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:



Código do documento	Código do expediente
USG13100PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

Habilitar catro (4) despachos nas dependencias municipais situados un na planta primeira da Casa Consistorial, sala de xuntas da ala de Secretaría e Alcaldía, e que será utilizado polo grupo político do PSdG-PSOE, e tres na segunda planta da Casa Consistorial ala de escaleiras de emerxencia, que serán os que utilicen os grupos políticos do Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego e Alternativa dos Veciños.”

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: nove (9), dos sres/as García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **10.- DETERMINACIÓN DOS CARGOS CON ADICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL.**

O Sr. Alcalde-Presidente somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 que transcrita literalmente di:

### **“PROPOSTA**

A Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece no seu artigo 75.1 que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, neste caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións os pagos das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74 da referida Lei, no que se indica que as Corporacións afectadas abonarán as cotizacións das mutualidades obrigatorias dos funcionarios de carreira que pasen á situación de servizos especiais noutras Administracións públicas.

No apartado 4 do mesmo artigo 75 da Lei /1985, establécese que os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, en cuxo caso serán igualmente dados de alta no réxime xeral da seguridade social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74. Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Presupostos xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberá conter o réxime de dedicación mínima necesaria para a percepción de ditas retribucións.

A citada Lei 7/1985, no seu artigo 75 bis, establece que os presupostos xerais do Estado determinarán, anualmente, el límite máximo total que poidan percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais, sinalando que para as corporacións locais de 20.001 habitantes a



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

50.000 habitantes, este límite máximo será o das retribucións correspondentes ao Secretario de Estado menos un 45%.

O artigo 18 do Real decreto Lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, establece o límite máximo total que poden percibir os membros das entidades locais por todos os conceptos retributivos e asistenciais, excluídos os trieneios, e para concellos de entre 20.001 a 50.000 habitanes o fixa en 58.372,36 €

De acordo co indicado,

#### PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a dedicación exclusiva, en réxime de xornada completa, dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións que se indican e a correspondente alta na Seguridade Social:

- Alcalde-Presidente. Percibirá 55.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.
- Concelleiro/a delegado/a da área de política social, mocidade e promoción do deporte: Percibirá 39.800 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.
- Concelleiro/a delegado/a da Área de Seguridade cidadá e persoal. Percibirá 39.800 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.
- Concelleiro/a delegado/a da Área de facenda, patrimonio e Administración electrónica: Percibirá 39.800 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.
- Concelleiro/a delegado/a da área de medio ambiente, obras e servizos: Percibirá 39.800 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.
- Concelleiro/a delegado/a de participación cidadá, educación e medio rural: Percibirá 39.800 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.

**Segundo.-** Aprobar a dedicación parcial, en réxime que en cada caso se especifica dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións que se indican e a correspondente alta na Seguridade Social:

- Concelleiro/a delegado/a do Servizo de Deportes e xuventude: Percibirá 19.900 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (réxime media xornada, dedicación mínima 5 horas diarias de luns a domingo)
- Concelleiro/a delegado/a do Servizo de maiores : Percibirá 19.900 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (réxime media xornada, dedicación mínima 5 horas diarias de luns a domingo)
- Concelleiro/a delegado/a do servizo de comercio local: Percibirá 19.900 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (réxime media xornada, dedicación mínima 5 horas diarias de luns a domingo)
- Concelleiro/a delegado/a do servizo de cultura: Percibirá 31.840 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (réxime 80% de xornada, dedicación mínima 6,5 horas diarias de luns a domingo)

**Terceiro.-** De conformidade co disposto no artigo 14 parágrafo 4 do regulamento orgánico municipal, declarar expresamente a compatibilidade do concelleiro delegado do servizo de deportes e xuventude, Don Miguel Suárez García, da concelleira delegada do servizo de maiores, dona Susana Amor Fernández, do concelleiro delegado do servizo de comercio local, Don Mario Alfonso Iglesias Gómez, e da concelleira delegada do servizo de cultura, dona María Penélope López Díaz.





Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

**Cuarto.-** A contía das retribucións fixadas nos apartados anteriores será actualizada cada 1 de xaneiro, sen necesidade de acordo plenario adicional, de acordo co que sinala a Lei de presupostos xerais do Estado para todo o persoal ó servizo do sector público.”

A continuación pide o uso da palabra a Sra. interventora municipal quen, unha vez concedido, manifesta que acaba de reincorporarse das súas vacacións e non tivo ocasión de mirar a proposta definitiva pero a que viu antes de irse de vacacións tiña defectos esenciais susceptibles de reparo suspensivo e a non ser que se resolveran na semana que estivo ausente o Pleno debería aprobar primeiro o levantamento do reparo.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que os informes que teñen a súa disposición son todos favorables.

De seguido intervén novamente a señora interventora municipal e di que neste Pleno a interventora responsable é ela e que non sabe como son exactamente as propostas; que se quere o Sr. Alcalde lembra cales eran os problemas que tiñan.

O Alcalde intervén e di que entón procederá á votación do levantamento do reparo.

A Sra. Secretaria intervén e di que á vista do sinalado pola Sra. Interventora o máis prudente sería deixar o asunto pendente.

Intervén novamente a Sra. Interventora e di que os problemas que existían eran a falta de crédito presupostario e a falta dun plan económico financeiro e descoñece se iso se solucionou; que ten que comprobar se se fixo a modificación presupostaria e se aprobou o plan de axuste.

Intervén o Sr. Alcalde e di que fai un receso para que a señora interventora poida comprobar os extremos aos que fixo referencia.

Suspéndese á sesión as dez horas e vinte e cinco minutos.

Reanúdase a sesión ás dez horas e trinta e cinco minutos.

Intervén o Sr. Alcalde e di que como dixo a señora Interventora, esta estivo a semana pasada de días libres e que estiveron agora reunidos co Interventor accidental que fixo os informes; que crédito para este punto efectivamente hai e o que teñen que facer é un plan económico financeiro polo tema da regra de gasto. Continúa dicindo que visto o reparo da Interventora procederán á votación do levantamento do reparo.

Pide o uso da palabra a Sra. Secretaria e solicita á Señora Interventora aclaración do motivo do reparo.

A señora Interventora intervén e di que está tramitada a modificación para dotar de crédito a aprobación deste punto, pero falta a aprobación dun plan económico financeiro derivado do incumprimento da regra de gasto, co cal hai que proceder ao levantamento do reparo.

A Sra. Secretaria intervén e manifesta que, ao existir un reparo suspensivo, a proposta debe modificarse no senso de incluír na parte dispositiva un apartado primeiro relativo a levantar o reparo suspensivo formulado neste acto pola Intervención municipal.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo Alternativa dos Veciños, señora Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que non lle parece posible proceder á votación dun levantamento de reparo que non teñen nin puideron ver nin reunirse coa persoa que fixo o informe favorable polo que o seu voto neste punto terá que ser en contra.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

Solicita o uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que non se pode avaliar un reparo que non teñen e que hai moitas cuestións que aclarar neste punto como por exemplo de onde se van subtraer os cartos que non hai para financiar todo o incremento de persoal que se trae a aprobación e que sería inconcebible que se seguira para adiante con este punto; que non se trata xa de cuestionar a oportunidade das dedicacións exclusivas pero si de contar con toda a información necesaria para poder discutir o punto polo que solicita a súa retirada para traelo máis adiante, cando formalmente estea ben, independentemente das distintas ideoloxías políticas, ben no próximo pleno ordinario do último xoves de mes ou cando o goberno considere oportuno; que o equipo de goberno está acostumado a levantar reparos de facturas relativas a servizos que non teñen contrato sen atender aos informes tanto da señora interventora como da señora secretaria que avisan de que os ditos procedementos carecen totalmente do procedemento oportuno pero neste caso piden o apoio de toda a Corporación polo que piden que se retire este punto para posteriormente, cando non presente defectos formais, se poida discutir politicamente neste pleno.

Solicita o uso da palabra a voceira do grupo popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo quedou tamén sorprendidísimo por este inciso que houbo na sesión e piden tamén que se retire este punto da orde do día para poder coñecer con detalle o motivo deses reparos e poder votar con coñecemento.

Solicita o uso da palabra o voceiro do grupo do PSdG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que visto o reparo que formula a señora interventora municipal neste mesmo acto, na sesión plenaria, quere recordar que no expediente administrativo, na documentación que obra sobre este punto, cóntase cun informe do sr. interventor accidental, que substitúe á interventora, totalmente válido e favorable que di que a proposta conta con partida presupostaria e que cumpre coa normativa polo que entenden que o punto debe ser debatido.

De seguido o Sr. Alcalde-Presidente somete a votación ordinaria a solicitude dos grupos municipais BNG e PP de deixar pendente este punto sobre a Mesa, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9), dos sres/as García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: doce (12), dos sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a proposta de deixar este asunto pendente sobre a Mesa.

A petición do Sr. Alcalde, intervén de seguido a señora Secretaria municipal e indica que como resultado da votación, e á vista do reparo formulado na sesión pola señora interventora municipal, a proposta que se presenta para debate e votación debe incluír como punto primeiro o levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal neste acto e a continuación os restantes puntos reenumerados.

Seguidamente o Sr. Alcalde-Presidente abre de novo a quenda de intervencións, solicitando o uso da palabra a voceira do grupo Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que a súa intervención vai referida tanto aos anteriores puntos 10, 11, 12 como ao 13; que o salario do Sr. Alcalde vai subir 4.000 euros e que se enteraron pola prensa de que o motivo desta suba é que o anterior Alcalde o baixara previamente por mor de que estaba na Deputación, entendendo a Sra. Ferreiro Varela que o actual Alcalde vai estar tamén na Deputación co cual o seu salario incluírá a maiores estes 4.000 euros máis os 1.000 aproximadamente que lle correspondan dese organismo; que o resto de concelleiros cerca de 3.000 e o resto, que teñen empresas e polo tanto non poden cobrar a dedicación exclusiva, cobrarán sobre 2.000 porque se van dedicar ás súas empresas; que tamén é importante



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

aclara o que se di na prensa respecto de que hai unha subida tamén para a oposición xa que esta subida é de entre 200 e 500 euros por concelleiro o que implica para a oposición un incremento de 900 euros ao ano e para o equipo de goberno, que loxicamente ten máis concelleiros, supón a cantidade de 3.600 ao ano, incrementando esta cantidade con tres asesores que aproximadamente suporán 90.000 euros ao ano polo que a cantidade que corresponde como subida ao grupo socialista é de aproximadamente 100.000 euros ao ano; que non explican en que vai cambiar a atención aos veciños, esperando e desexando que polo menos a atención aos veciños nesta próxima lexislatura sexa inmediata e non teñan que esperar meses por unha entrevista.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo ten pedido reiteradamente transparencia e que as cousas se fagan doutra forma, vendo agora que as formas non lles importan en absoluto e que perderon todo o pudor, deixando claro que para o equipo de goberno o que representa facer política é dispoñer do presuposto público sen ningún tipo de limitación, sen ningún tipo de pudor e sen ningún tipo de reparo; que o Sr. Taibo Monelos falou na súa intervención de que a proposta conta cun informe favorable pero habería que ter en conta que ese informe está sendo rebatido na sesión pola Interventora titular do cargo ao que lle corresponde emitilo e que a persoa que emitiu ese informe favorable é o interventor accidental, quedando claro que ao equipo de goberno non lle importa en absoluto seguir cun expediente que incumple as formalidades exigibles con tal de dispoñer dos fondos públicos, pagados polos impostos dos veciños e veciñas de Culleredo, procurando repartirse o pastel, vivir a conta da política e evitar calquera tipo de control, saltándoo cando non sexa posible evitalo, o que dá ganas de abandonar o pleno e evitar calquer debate sobre este punto.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo fixo tamén contas sobre o que supón o aumento dos salarios nesta lexislatura e viron que o soldo do Sr. Alcalde vese incrementado nun 20%, o das dedicacións exclusivas dun 20 a un 54% e as dedicacións parciais pasan de 1 a 4 supoñendo un aumento dun 300% polo que, sumando todo, chégase a un aumento dun 54,1% sen contar as cantidades correspondentes aos asesores ou aos concelleiros por asistencias aos plenos; que se se suma todo chégase á cantidade de case 600.000 euros ao ano que, multiplicado polos 4 anos que corresponden a unha lexislatura, son case 2.500.000 euros en salarios, resultando o seu grupo moi sorprendido e atopando como unha explicación para este aumento tan desorbitado que, se se aplica a regra do 3% de investimento, o equipo de goberno sexa capaz de conseguir para Culleredo doutras administracións públicas, uns 90.000.000 euros na lexislatura, polo que a súa obriga será preguntar anualmente que cantidades en investimentos conseguiron para Culleredo; que tamén lles sorprende moito que se teñan que enterar de todo isto pola prensa e pensan que, se ao final o equipo de goberno vai facer o que lle dea a gana, para que tarda tanto en presentar isto ante o Pleno, para que tardou dúas semanas nas que non se reuniu con ningún membro da oposición; que están en contra desta subida e sintense obrigados a votar en contra.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo do PSdG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que insiste en que a transparencia coa que comezaron o mandato e coa que comezaron este pleno é total e absoluta e que existe un informe do interventor do Concello que é o que conforma a documentación para o Pleno e que é a que hai que ter en conta para ser traída á sesión que é favorable e que indica que se cumpre a regra de gasto e de onde saen as cantidades para cada partida; que o proxecto político que o partido socialista ten para Culleredo e que foi explicado a todos os veciños é de 12 concelleiros que van traballar a reo para conquistar o proxecto electoral e executalo na súa totalidade; que entende que a subida é proporcional ao número de concelleiros que conforman o equipo de goberno municipal polo que pide o voto favorable.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que el leu o proxecto electoral do PSOE e en ningún momento viu nada referido á creación de todas estas dedicacións exclusivas, nin incrementos por asistencias, nin que se ían saltar os informes dos funcionarios para poder facelo, polo que o que el lle diría ao partido socialista é que repitan a campaña ou que fagan unha



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

postcampaña e lle expliquen á xente o que están facendo; que el coñece xente do PSOE que se avergoña cando se lle lembran cuestións como a que aquí se solicita, solicitando novamente que se deixe sobre a Mesa e se traia a unha sesión posterior.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019, coa modificación consistente na inclusión como punto primeiro da mesma o levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal neste acto, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: nove (9), dos sres/as García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 modificada, quedando redactada a súa parte dispositiva do seguinte xeito:

“**Primeiro.**- Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal neste acto.

**Segundo.**- Aprobar a dedicación exclusiva, en réxime de xornada completa, dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións que se indican e a correspondente alta na Seguridade Social:

- Alcalde-Presidente. Percibirá 55.000 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.
- Concelleiro/a delegado/a da área de política social, mocidade e promoción do deporte: Percibirá 39.800 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.
- Concelleiro/a delegado/a da Área de Seguridade cidadá e persoal. Percibirá 39.800 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.
- Concelleiro/a delegado/a da Área de facenda, patrimonio e Administración electrónica: Percibirá 39.800 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.
- Concelleiro/a delegado/a da área de medio ambiente, obras e servizos: Percibirá 39.800 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.
- Concelleiro/a delegado/a de participación cidadá, educación e medio rural: Percibirá 39.800 € ao ano, en 14 pagas de igual importe.

**Terceiro.**- Aprobar a dedicación parcial, en réxime que en cada caso se especifica dos seguintes cargos da Corporación, coas retribucións que se indican e a correspondente alta na Seguridade Social:

- Concelleiro/a delegado/a do Servizo de Deportes e xuventude: Percibirá 19.900 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (réxime media xornada, dedicación mínima 5 horas diarias de luns a domingo)
- Concelleiro/a delegado/a do Servizo de maiores : Percibirá 19.900 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (réxime media xornada, dedicación mínima 5 horas diarias de luns a domingo)
- Concelleiro/a delegado/a do servizo de comercio local: Percibirá 19.900 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (réxime media xornada, dedicación mínima 5 horas diarias de luns a domingo)



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

- Concelleiro/a delegado/a do servizo de cultura: Percibirá 31.840 € ao ano, en 14 pagas de igual importe (réxime 80% de xornada, dedicación mínima 6,5 horas diarias de luns a domingo)

**Cuarto.-** De conformidade co disposto no artigo 14 parágrafo 4 do regulamento orgánico municipal, declarar expresamente a compatibilidade do concelleiro delegado do servizo de deportes e xuventude, Don Miguel Suárez García, da concelleira delegada do servizo de maiores, dona Susana Amor Fernández, do concelleiro delegado do servizo de comercio local, Don Mario Alfonso Iglesias Gómez, e da concelleira delegada do servizo de cultura, dona María Penélope López Díaz.

**Quinto.-** A contía das retribucións fixadas nos apartados anteriores será actualizada cada 1 de xaneiro, sen necesidade de acordo plenario adicional, de acordo co que sinala a Lei de presupostos xerais do Estado para todo o persoal ó servizo do sector público.”

### 11.- INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS DOS/AS SRES/AS CONCELLEIROS/AS ÁS SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS.

O Sr. Alcalde-Presidente somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 que transcrita literalmente di:

#### “PROPOSTA

#### INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS

A Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece no seu artigo 75.3, que só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación da que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma.

De acordo co indicado,

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro. Determinar o importe das retribucións que percibirán os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais que se indican:

Por asistencia a cada sesión do Concello Pleno .....	250 euros
Por asistencia a cada sesión da Xunta de Voceiros .....	150 euros
Por asistencia a cada sesión da Xunta de Goberno Local .....	350 euros
Por asistencia a cada sesión das Comisións Informativas .....	150 euros

Para a aplicación do presente acordo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- 1) Percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación, os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva e parcial, tanto nesta corporación como en calquera outra administración pública.
- 2) Computaranse as asistencias a tódalas sesións celebradas do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros, sexan ordinarias ou extraordinarias.
- 3) A asistencia a varias sesións dos órganos anteriormente citados no mesmo día computarase como unha soa asistencia, percibíndose neste caso só a correspondente a de maior contía.”





Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

Pide o uso da palabra a señora Interventora municipal quen, unha vez concedido, manifesta que formula tamén reparo suspensivo neste punto polos mesmos motivos que no punto anterior e o fai tamén estensivo aos puntos 12 e 13.

A continuación, con permiso da Presidencia, a señora Secretaria intervéñe e di que á vista do sinalado pola Sra. Interventora a proposta que se somete a debate e votación debe modificarse no senso de incluír na parte dispositiva un apartado primeiro relativo a levantar o reparo suspensivo formulado neste acto pola Intervención municipal.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que só quere dicir que o equipo de goberno vai ter varias oportunidades para deliberar e afirmarse ou reafirmarse no que está facendo e que el se reitera no que dixo no punto anterior para non repetirse.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data 18 de xuño de 2019, coa modificación consistente na inclusión como punto primeiro o levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal neste acto, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: nove (9), dos sres/as García Gorostizu, Rico Verea, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 modificada, que devén en acordo quedando redactada a parte dispositiva do seguinte xeito:

“Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal neste acto.

Segundo.- Determinar o importe das retribucións que percibirán os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais que se indican:

Por asistencia a cada sesión do Concello Pleno .....	250 euros
Por asistencia a cada sesión da Xunta de Voceiros .....	150 euros
Por asistencia a cada sesión da Xunta de Goberno Local .....	350 euros
Por asistencia a cada sesión das Comisións Informativas .....	150 euros

Para a aplicación do presente acordo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- 1) Percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación, os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva e parcial, tanto nesta corporación como en calquera outra administración pública.
- 2) Computaranse as asistencias a tódalas sesións celebradas do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros, sexan ordinarias ou extraordinarias.
- 3) A asistencia a varias sesións dos órganos anteriormente citados no mesmo día computaranse como unha soa asistencia, percibíndose neste caso só a correspondente a de maior contía.”

## **12.- ASIGNACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.**

O Sr. Alcalde-Presidente somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 27 de xuño de 2019 que transcrita literalmente di:





Código do documento	Código do expediente
USG13100PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

## “PROPOSTA

### ASIGNACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

Visto que segundo dispón o artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime local, o Pleno da Corporación, con cargo aos presupostos anuais da mesma, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun componente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral na Lei de presupostos xerais do Estado, e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO :

Primeiro.- Determinar que a dotación económica para os Grupos políticos municipais, en consonancia co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, constará dun componente fixo (grupo político) e outro variable (por cada Concelleiro/a que integra o grupo) segundo o seguinte detalle:

Por cada grupo político: 1.000 euros/ano

Por cada Concelleiro/a que integra o grupo político: 500 euros/ano

Segundo.- Os efectos económicos do presente acordo produciranse a partires do día da adopción polo Pleno do presente acordo. As cantidades devengadas pagaranse trimestralmente.

Terceiro.- As cantidades sinaladas como dotación a percibir polos diferentes grupos políticos municipais non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial. Os distintos grupos municipais levarán unha contabilidade específica da dotación asignada, na forma que determine a Intervención de fondos municipal, que porán a disposición inmediata do pleno da Corporación sempre que este o solicite.”

Iniciada a quenda de intervencións, pide o uso da palabra a señora Interventora municipal quen, unha vez concedido, manifesta que formula tamén reparo suspensivo neste punto polos motivos anteriormente sinalados.

A continuación a señora Secretaria, con permiso da Presidencia, intervén e di que á vista do sinalado pola Sra. Interventora a proposta debe modificarse no senso de incluír na parte dispositiva un apartado primeiro relativo a levantar o reparo suspensivo formulado neste acto pola Intervención municipal.

Seguidamente solicita o uso da palabra a voceira do grupo popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que coa proposta que o equipo de goberno trae neste punto ponse de manifesto que favorece ao grupo socialista con respecto ao resto da oposición e que onte puideron ler no Ideal Gallego que a oposición aumenta a súa asignación nun 50% sen que saiban de onde sae ese aumento pois agora vese que o aumento se refire a aportación por concelleiro o que supón un aumento desorbitado para o grupo socialista que xa ten os seus soldos e as súas dedicacións e non para os membros da oposición que preferiría un aumento do importe correspondente ao grupo político e non por concelleiro, comprometéndose o grupo municipal do Partido Popular a ceder ese aumento acordado polo grupo socialista para os concelleiros do PP a Cáritas durante esta lexislatura.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data 27 de xuño de 2019, coa modificación consistente na inclusión como punto primeiro o levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal neste acto, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

Votos en contra: nove (9), dos sres/as García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 modificada, que devén en acordo quedando redactada a parte dispositiva nos seguintes termos:

Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal neste acto.

Segundo.- Determinar que a dotación económica para os Grupos políticos municipais, en consonancia co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, constará dun componente fixo (grupo político) e outro variable (por cada Concelleiro/a que integra o grupo) segundo o seguinte detalle:

Por cada grupo político: 1.000 euros/ano

Por cada Concelleiro/a que integra o grupo político: 500 euros/ano

Terceiro.- Os efectos económicos do presente acordo produciranse a partires do día da adopción polo Pleno do presente acordo. As cantidades devengadas pagaránse trimestralmente.

Cuarto.- As cantidades sinaladas como dotación a percibir polos diferentes grupos políticos municipais non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial. Os distintos grupos municipais levarán unha contabilidade específica da dotación asignada, na forma que determine a Intervención de fondos municipal, que porán a disposición inmediata do pleno da Corporación sempre que este o solicite."

C.I.F. P-1503100-H

### **13.- DETERMINACIÓN, NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DO PERSOAL EVENTUAL.**

O Sr. Alcalde-Presidente somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 27 de xuño de 2019, coa modificación derivada do reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal que, coa modificación, queda redactada do seguinte xeito:

#### **"PROPOSTA**

#### **DETERMINACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN DO PERSOAL EVENTUAL.**

A Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, regula o persoal eventual no artigo 104, de acordo co seguinte detalle:

1. El número, características y retribuciones del personal eventual será determinado por el Pleno de cada Corporación, al comienzo de su mandato. Estas determinaciones sólo podrán modificarse con motivo de la aprobación de los Presupuestos anuales.
2. El nombramiento y cese de estos funcionarios es libre y corresponde al Alcalde o al Presidente de la entidad local correspondiente. Cesan automáticamente en todo caso cuando se produzca el cese o expire el mandato de la autoridad a la que presten su función de confianza o asesoramiento.
3. Los nombramientos de funcionarios de empleo, el régimen de sus retribuciones y su dedicación se publicarán en el «Boletín Oficial» de la Provincia y, en su caso, en el propio de la Corporación.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

A citada Lei 7/1985, no seu artigo 104 bis, establece os límites e normas aos que deberán axustarse as dotacións de postos de traballo nos que a cobertura corresponda a persoal eventual nos concellos, indicando no apartado 1. d) que os concellos de municipios con poboación superior a 20.000 e non superior a 50.000 habitantes poderán incluír nas súas plantillas postos de traballo de persoal eventual por un número que no poderá exceder de sete.

O pasado día 15 de xuño de 2019, previa convocatoria dos concelleiros e concelleiras que foron proclamados electos pola Xunta Electoral de Zona de A Coruña como consecuencia dos resultados das últimas eleccións locais que tiveron lugar o pasado día 26 de maio, quedou constituída a nova Corporación municipal.

De acordo co indicado,

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**Primeiro.** Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal neste acto.

**Segundo.** Aprobar a relación e creación dos postos de persoal eventual que exercerá funcións de confianza e asesoramento especial e en ningún caso poderán exercer funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas, coa denominación e retribucións que corresponden aos funcionarios deste concello dos grupos A2 e C1, cos complementos de destino e puntos ao obxecto de determinar o complemento específico que a seguir se indican:

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO POSTOS	DENOMINACIÓN	GRUPO	COMPLEMENTO DE DESTINO	PUNTOS COMPLEMENTO ESPECÍFICO
3	ASESOR/A TÉCNICO/A	A2	22	195
2	SECRETARIO/A DE ALCALDÍA E GRUPO DE GOBERNO	C1	20	105

**Terceiro.** A contía das retribucións fixadas no apartado anterior será actualizada cada 1 de xaneiro, sen necesidade de acordo plenario adicional, de acordo co que sinala a Lei de presupostos xerais do Estado para todo o persoal ó servizo do sector público."

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que se está a tempo quere propoñer que isto se retire da orde do día

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do voceiro do BNG, Sr. Chouciño Garrido, de retirar este punto da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9), dos sres/as García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: doce (12), dos sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Abstencións: ningunha.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta do vodeiro do grupo do BNG de retirar este punto da orde do día.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía modificada coa inclusión como punto primeiro o levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal neste acto, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: nove (9), dos sres/as García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 27 de xuño de 2019 modificada, que devén en acordo quedando redactada a parte dispositiva nos seguintes termos:

“Primeiro.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal neste acto.

Segundo.- Aprobar a relación e creación dos postos de persoal eventual que exercerá funcións de confianza e asesoramento especial e en ningún caso poderán exercer funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das Administracións Públicas, coa denominación e retribucións que corresponden aos funcionarios deste concello dos grupos A2 e C1, cos complementos de destino e puntos ao obxecto de determinar o complemento específico que a seguir se indican:

C.I.F. P-1503100-H

NÚMERO POSTOS	DENOMINACIÓN	GRUPO	COMPLEMENTO DE DESTINO	PUNTOS COMPLEMENTO ESPECÍFICO
3	ASESOR/A TÉCNICO/A	A2	22	195
2	SECRETARIO/A DE ALCALDÍA E GRUPO DE GOBERNO	C1	20	105

Terceiro.- A contía das retribucións fixadas no apartado anterior será actualizada cada 1 de xaneiro, sen necesidade de acordo plenario adicional, de acordo co que sinala a Lei de presupostos xerais do Estado para todo o persoal ó servizo do sector público.”

**14.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA RELATIVA A APROBACIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN SOBRE A ACCIÓN DE NULIDADE CONTRA O ACORDO DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR 4 PRAZAS DE TÉCNICAS/OS DE XESTIÓN (PROMOCIÓN INTERNA) ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN QUE SE CELEBROU O 23 DE OUTUBRO DE 2017.**

Código do documento <b>USG13I00PL</b>	Código do expediente <b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)  <b>4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS</b>	

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposta da concelleira delegada de seguridade cidadá e persoal, de data 20 de xuño de 2019, relativa ao asunto epigrafiado, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: ningún

Abstencións: nove (9), dos sres/as García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a ratificación da inclusión na orde do día da proposta da concelleira delegada de seguridade cidadá e persoal, de data 20 de xuño de 2019.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposta, que literalmente di:

**“PROPOSTA**

**ANTECEDENTES**

C.I.F. P-1503100-H

**Primeiro.-** O Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 24/11/2016, aprobou o denominado “Plan de emprego 2016-2019” que foi negociado na Mesa xeral de negociación e asinado polas/os representantes da administración e das organizacións sindicais CSIF, CCOO e UGT o día 04/11/2016. Entre os seus obxectivos inclúese, entre outros, impulsar os procesos de promoción tanto horizontal como vertical e a súa medida 7 recolle o soporte normativo da mesma, o número de prazas a convocar e os criterios xerais do sistema selectivo.

**Segundo.-** O 17/07/2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a oferta de emprego público 2017, que consta das seguinte prazas:

**Ingreso na categoría de policía local-Concurso para funcionarios doutros corpos da Policía local de Galicia. (Medida 6 do Plan de emprego 2016-2019)**

Denominación praza	Relación servizo	Grupo	Número prazas	Procedemento
Policía	Persoal funcionario-Administración especial	C1	2	Concurso

**Proceso selectivo. Promoción interna. (Medida 7 do Plan de emprego 2016-2019)**

Denominación praza	Relación servizo	Grupo	Número prazas	Procedemento
Técnica/o de xestión	Persoal funcionario-Administración xeral	A2	4	Concurso-oposición
Administrativa/o	Persoal funcionario-Administración xeral	C1	19	Concurso-oposición
Auxiliar	Persoal funcionario-Administración xeral	C2	10	Concurso-oposición
Inspector/a	Persoal funcionario-Administración especial	A2	1	Concurso-

Código do documento <b>USG13I00PL</b>	Código do expediente <b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)  <b>4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS</b>	

				oposición
--	--	--	--	-----------

**Proceso selectivo. Funcionarización. (Medida 8 do Plan de emprego 2016-2019)**

Denominación praza	Relación servizo	Grupo	Número prazas	Procedemento
Asesor/a xurídica/o	Persoal funcionario-Administración especial	A1	2	Concurso-oposición
Axente desenvolvemento local	Persoal funcionario-Administración especial	A1	1	Concurso-oposición
Pedagoga/o	Persoal funcionario-Administración especial	A1	2	Concurso-oposición
Psicóloga/o	Persoal funcionario-Administración especial	A1	1	Concurso-oposición
Técnica/o inserción laboral	Persoal funcionario-Administración especial	A1	1	Concurso-oposición
Educador/a social	Persoal funcionario-Administración especial	A2	3	Concurso-oposición
Técnica/o coordinación formación	Persoal funcionario-Administración especial	A2	1	Concurso-oposición
Técnica/o animación socio-cultural	Persoal funcionario-Administración especial	C1	1	Concurso-oposición
Animador/a cultural	Persoal funcionario-Administración especial	C2	1	Concurso-oposición
Auxiliar protección Civil	Persoal funcionario-Administración especial	C2	1	Concurso-oposición
Monitor/a taller	Persoal funcionario-Administración especial	C2	1	Concurso-oposición
Asistenta/e domicilio	Persoal funcionario-Administración especial	AP	4	Concurso-oposición

C.I.F. P-1503100-H

**Proceso selectivo. Acceso libre-Consolidación de emprego. (Medida 9.2 do Plan de emprego 2016-2019)**

Denominación praza	Relación servizo	Grupo	Número prazas	Procedemento
Auxiliar administración xeral	Persoal funcionario-Administración xeral	C2	2	Concurso-oposición
Enxeñeira/o técnica/o agrícola	Persoal funcionario-Administración especial	A2	1	Concurso-oposición
Mediador/a social	Persoal funcionario-Administración especial	A2	1	Concurso-oposición
Locutor/a	Persoal laboral fixo	III	1	Concurso-oposición
Técnica/o son - Locutor	Persoal laboral fixo	IV	1	Concurso-oposición



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
<b>4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS</b>	

Consta no expediente de aprobación da oferta pública de emprego informe do xefe de servizo de persoal e organización no que se expoñen os fundamentos da mesma: a Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Presupostos xerais do Estado para o ano 2017, regula no seu artigo 19 a Oferta de Emprego Público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidade de persoal, no cal se establecen os límites e requisitos aos que estará suxeita a incorporación de novo persoal no sector público: a taxa de reposición fixarase ata un máximo do 100% en distintos sectores e administracións entre os que se atopan o persoal da Policía local, as administracións públicas respecto do asesoramento xurídico e a xestión dos recursos públicos e as prazas de persoal que realiza a xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego.

No ano 2017 deixaron de prestar servizos por xubilación dúas persoas (persoal funcionarios) encadrados nos sectores e administracións indicadas, polo que o 100% da taxa de reposición quedaría fixada en 2 incorporacións de empregados fixos.

- Na “Medida 6-Ingresa na categoría de policía local – Concurso para funcionarios doutros corpos da Policía local de Galicia” do Plan de emprego 2016-2019 prevese a incorporación de 2 policías locais para ser cubertas mediante concurso entre funcionarios doutros corpos da Policía local de Galicia, de acordo co establecido no artigo 35 da Lei 4/2007 de 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia.
- Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos:
  - as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna (prazas incluídas na “Medida 7-Proceso selectivo-Promoción interna” e “Medida 8-Proceso selectivo-Funcionarización”, do “Plan de emprego 2016-2019”).
  - non computarán tampouco, dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial. De acordo con esta disposición, non computará dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos a praza de Axente de emprego incluída na “Medida 9.3-Proceso selectivo. Acceso libre-Prazas ocupadas por persoal interino” do “Plan de emprego 2016-2019”.
  - pódese dispoñer dunha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal das prazas que, nos termos previstos na disposición transitoria cuarta do Texto refundido do Estatuto básico do empregado público, estean dotadas orzamentariamente e dende unha data anterior ao 01/01/2005, estiveran ocupadas ininterrompidamente de forma temporal (prazas incluídas na “Medida 9.2-Proceso selectivo. Acceso libre-Consolidación” do “Plan de emprego 2016-2019”).

**Terceiro.-** O 23/10/2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a convocatoria e as bases da convocatoria do proceso selectivo para cubrir catro prazas de técnicas/os de xestión (promoción interna), conforme aos criterios establecidos no devandito Plan de Emprego.

**Cuarto.-** O 15/02/2019 dona Sonia González Valcarce presenta unha solicitude instando acción de nulidade contra a aprobación da convocatoria e bases do proceso selectivo de técnicos de xestión por promoción interna, alegando que a mesma incorre en lesión de dereitos e liberdades susceptíbeis de amparo constitucional. En concreto que a convocatoria de catro prazas de técnicos de xestión por promoción interna sen que se convoque ningunha por turno libre vulnera o artigo 23.2 da Constitución e que a non existencia dunha titulación específica vulnera o dereito de todo cidadá a acceder en condicións de igualdade a funcións e cargos públicos establecido no artigo 23 da Constitución, en relación cos principios de igualdade, mérito e capacidade que se recollen no artigo 103 da mesma.

**Quinto.-** O 28/02/2019 o Pleno aprobou o inicio do procedemento de revisión de oficio do acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada o 23/10/2017 por medio do cal se aprobou a convocatoria e bases do proceso selectivo de técnicos de xestión por promoción interna, abrindo un prazo de audiencia previa aos



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

interesados no expediente para que alegasen o que estimen oportuno en defensa dos seus dereitos e intereses. Dentro do prazo establecido dona Sonia González Valcarce presenta alegacións, nas que reproduce os argumentos da súa solicitude formulada o 15/02/2019 e conclúe solicitando que se adopte acordo anulando o de "aprobación de la convocatoria y de las bases de la convocatoria del proceso selectivo".

**Sexto.-** O 31/5/2019 a secretaria xeral emitiu o informe esixido polo artigo 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

### CONSIDERACIÓNS

**Primeira.-** A oferta de emprego público consta de 61 prazas, das que 34 se reservan para promoción interna, isto é menos do 100%. Ao respecto debe terse en conta que as prazas que se reservan para promoción interna puideron ser incluídas na oferta pública de emprego polo único motivo de que non supoñen a incorporación de novo persoal e, polo tanto, non consumen taxa de reposición que, como xa se sinalou no antecedente segundo, é de dúas incorporacións. É dicir, en caso de que non fosen reservadas á promoción interna a convocatoria das 4 prazas de técnicos de xestión, como pretende a solicitante, a mesma non podería ter sido aprobada ao computar como taxa de reposición e superar a mesma.

**Segunda.-** De acordo co establecido no artigo 18.3 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, as leis de Función Pública que se ditén no seu desenvolvemento artellarán os sistemas para realizar a promoción interna, así como tamén poderán determinar os corpos e escalas ás que poderán acceder os funcionarios de carreira pertencentes a outros do mesmo subgrupo.

Do texto infírese a competencia autonómica na articulación dun modelo propio de carreira profesional e por tanto da regulación do instrumento da promoción interna. Este desenvolvemento do EBEP na Comunidade Autónoma de Galicia levouse a termo mediante a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Por outra parte, o Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público asinado o 29/03/2017 establece no seu acordo primeiro que nas ofertas de emprego público "se fomentará a utilización de la promoción interna por parte de las Administraciones Públicas en los términos en que se negocie en cada ámbito".

Ao respecto da reserva de prazas en quenda de promoción interna, a mesma fíxose conforme co disposto polo artigo 80.1 da Lei do emprego público de Galicia, que establece que nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función pública reservárase un mínimo dun vinte e cinco por cento das prazas convocadas para a promoción interna de persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas do subgrupo ou grupo de clasificación profesional inmediatamente inferiores. É dicir, a norma de aplicación establece unha porcentaxe mínima de prazas convocadas que haberá de reservarse en todo caso para a promoción interna e en ningún caso limita o máximo das prazas a reservar.

Polo tanto, sendo a propia norma de aplicación a que establece a reserva dentro da convocatoria de prazas a convocar dunha porcentaxe das mesmas para realizar mediante promoción interna, establecendo un límite mínimo pero non un máximo e tendo en conta a opción por fomentar a promoción interna establecida no acordo Goberno – Sindicatos, dificilmente poderá concluírse que a opción pola promoción interna nas catro prazas de técnicas/os de xestión poda entenderse como unha quebra do principio constitucional de acceso en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos.

En consecuencia, tal e como concluíu o Consello Consultivo de Galicia no seu ditame número 225 emitido o 02/12/1998, non pode considerarse que a aplicación de políticas de emprego en virtude das que coxunturalmente, sobre a base de potenciar a racionalización dos efectivos ao servizo dunha política de contención do gasto público,



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13100PL</b>	<b>USG/2019/97</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

se favoreza a promoción interna a custa dunha circunstancial postergación da convocatoria aberta, supoña unha vulneración do artigo 23 da Constitución.

**Terceira.-** Ao respecto da titulación esixíbel para a promoción a técnico de xestión, a restrición de titulacións para o acceso a determinadas prazas só pode vir imposta por precepto legal ou pola relación de postos de traballo da Entidade.

No caso dos técnicos de xestión, pois tales son as prazas que se convocan e non outras, non hai precepto legal que esixa que os candidatos teñan unha titulación determinada nin a vixente relación de postos de traballo o restrinxen: en consecuencia, restrinxir como se pretende pola solicitante a convocatoria a determinadas titulacións sen que exista unha norma legal que o limite suporía un incumprimento do principio constitucional de igualdade no acceso á función pública.

Neste caso, a titulación esixida é a que o Estatuto Básico do Empregado Público (art. 76) determina para o acceso ao subgrupo A2, no que se inclúen as devanditas prazas, e polo tanto os aspirantes que dispoñan da mesma, acreditan con elo a súa capacidade xa que tal titulación é congruente coas funcións a desenvolver polos técnicos de xestión. En consecuencia non se pode entender que conculque o principio de capacidade constitucionalmente establecido.

De conformidade co cal propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

C.I.F. P-1503100-H

Primeiro.- Aprobar a proposta de resolución con código UPO1310004 a efectos de solicitar, en aplicación do disposto polo artigo 106 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ditame ao Consello Consultivo de Galicia sobre a mesma.

Segundo.- Suspender o prazo de resolución do procedemento polo tempo que medie entre a petición do ditame ao Consello Consultivo e a recepción do mesmo, de conformidade co disposto polo artigo 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

Consta no expediente informe de Secretaría, de data 31 de maio de 2019, que transcrito literalmente di:

#### “INFORME DE SECRETARÍA

Asto: Revisión de oficio do acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 23 de outubro de 2017 mediante o cal se aprobou a convocatoria e as bases do proceso selectivo de técnicos de xestión por promoción interna.

A funcionaria que subscribe, en cumprimento do disposto no artigo 3 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte INFORME:

#### ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 23 de outubro de 2017 acordou aprobar as bases da convocatoria do proceso selectivo para cubrir catro prazas de técnicos/as de xestión (promoción interna).

En relación a ditas bases, por esta Secretaría emitiuse a nota informativa 61/2017, que figura transcrita en dito acordo, e na que polas consideracións nela contidas informouse desfavorablemente as bases e a convocatoria.

II.- No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña de data 15 de decembro de 2017 publicáronse as bases.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00PL	USG/2019/97
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
4C4L 433I 5F4D 6E70 0WKS	

C.I.F. P-1503100-H

III.- O 16 de maio de 2018 publicouse un extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

IV.- No Boletín Oficial do Estado de data 3 de outubro de 2018 publicouse a convocatoria.

V.- En data 5 de febreiro de 2019 se presenta a través do SIR escrito de Dona Sonia González Valcárce no que expón que ven a executar acción de nulidade contra o acordo de aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria do proceso selectivo para cubrir catro prazas de técnicos/as de xesión (promoción interna) adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 23 de outubro de 2017, de conformidade co disposto no artigo 106.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común. Fundamenta a súa petición nas consideracións que se conteñen no escrito e solicita, previa tramitación do procedemento de revisión de oficio, se declare a nulidade do acordo anteriormente citado da Xunta de Goberno Local, instando tamén a suspensión da execución do acto cuxa nulidade solicita.

VI.- O Pleno da Corporación en sesión de data 28 de febreiro de 2019 acordou iniciar o procedemento de revisión de oficio, conceder audiencia previa aos interesados no expediente de nulidade para que no prazo de 15 días alegasen o que estimasen oportuno en defensa dos seus intereses, así como , de acordo co disposto no artigo 108 da Lei de Procedemento Administrativo, suspender a execución do acto en revisión, ao considerar que esta poidera causar prexuízos de difícil ou imposible reparación.

VII.- O acordo plenario citado notificouse a todos os aspirantes que presentaron instancia na convocatoria do proceso selectivo. E no Boletín Oficial do Estado número 70 de data 22 de marzo de 2019 publicouse anuncio deste Concello relativo ao procedemento de revisión de oficio, indicándose nel que durante o prazo de 15 días poderían formularse alegacións e presentar os documentos e xustificacións que se estimasen oportunos.

VIII.- Dentro do prazo concedido, por Dona Sonia González Varcácel preséntase escrito de alegacións no que solicita se adopte acordo anulando la convocatoria e bases.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- O artigo 106.1 da Lei 35/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común(en adiante LPAC) establece que “ *Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitude de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 47.1*”

